

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO DEPARTAMENTO DE INFORMÁTICA

Artigo 1.

1. O Departamento de Informática da Universidade de Vigo rexerase pola lexislación vixente e polo disposto no presente regulamento.
2. O Departamento de Informática da Universidade de Vigo, agrupa a todo o persoal docente e investigador pertencente aos ámbitos de coñecemento de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial (CCIA) e de Linguaxes e Sistemas Informáticos (LSI). A estes efectos considéranse investigadores do Departamento as persoas que teñan relación contractual co mesmo e que desenvolvan as súas tarefas de investigación baixo a dirección dalgún profesor dos ámbitos do Departamento. Tamén serán membros do Departamento de Informática o persoal de administración e servizos do mesmo.
3. O Departamento de Informática é o órgano encargado, en todos os centros da Universidade de Vigo, da organización e desenvolvemento do ensino e a investigación nos devanditos ámbitos de coñecemento.
4. A sede do departamento está localizada no Edificio Fundición do Campus Vigo.

Artigo 2.

Son funcións do Departamento de Informática:

- a) O desenvolvemento dos estudos universitarios oficiais, de acordo coa programación e suxestións que realicen o centro ou centros en que se impartan.
- b) O impulso de actividades e de iniciativas docentes e investigadoras do seu persoal académico.

- c) O fomento e a promoción de proxectos, convenios e contratos de investigación e de desenvolvemento.
- d) O desenvolvemento das ensinanzas que dean lugar a títulos propios adscritos ao departamento.
- e) O fomento e a promoción de traballos de carácter científico e técnico.
- f) O impulso da formación e da renovación pedagóxica, científica ou técnica do seu persoal docente e investigador.
- g) A participación nos procesos de avaliación da calidade institucional e a promoción activa da mellora da calidade das súas actividades docentes e investigadoras.
- h) A xestión e a administración da súa asignación orzamentaria.
- i) A programación e a asignación dos seus medios e recursos, así como o coidado, mantemento e renovación dos seus bens, equipos e instalacións.
- j) Todas as funcións que os Estatutos da Universidade de Vigo e calquera outra disposición vixente lle poidan atribuír.

Artigo 3.

A xestión do departamento estará ordenada polos principios de toma de decisións por maioría e respecto ás minorías. Sen prexuízo do establecido polas normas vixentes e por este Regulamento, cada estamento do departamento poderase dotar das fórmulas organizativas que considere oportunas.

Artigo 4.

O departamento promoverá o uso do galego. Os órganos do Departamento empregarán preferentemente a lingua galega nos seus impresos, comunicacións e documentos oficiais respectando os dereitos establecidos nos Estatutos da Universidade de Vigo.

TÍTULO I - DOS ÓRGANOS DO DEPARTAMENTO.

Artigo 5.

1. Son órganos colexiados de goberno e de administración do departamento o Consello de Departamento, a comisión permanente e as comisións asesoras. Son órganos unipersoais o director/a, o secretario/a do departamento e os directores/as das seccións departamentais se as houberse.
2. Segundo o establecido na Normativa da Universidade de Vigo, o Consello de Departamento poderá propoñerlle ao Consello de Goberno a creación de seccións departamentais por campus ou liñas de investigación.

TÍTULO II - DO CONSELLO DE DEPARTAMENTO.

Capítulo I - Natureza e funcións do Consello de Departamento.

Artigo 6.

A composición do Consello de Departamento, así como as súas funcións serán as establecidas nos Estatutos da Universidade de Vigo.

Capítulo II - Funcionamento do Consello de Departamento.

Artigo 7.

1. O Consello de Departamento poderase reunir con carácter ordinario ou extraordinario.

2. O Consello de Departamento reunirse con carácter ordinario como mínimo unha vez cada trimestre e con carácter extraordinario a iniciativa de:
 - a) O director/a ou a persoa en quen delegue
 - b) Cando o soliciten unha cuarta parte dos membros do consello.
 - c) A petición da maioría simple dos membros da comisión permanente.

3. A instancia para a convocatoria dunha reunión extraordinaria do Consello de Departamento dirixirse por escrito á dirección, coas sinaturas correspondentes e coa proposta dunha orde do día determinada. O director/a estará obrigado a convocar o consello para unha data non posterior aos dez días hábiles contados dende a entrada da solicitude no rexistro do departamento.

Artigo 8.

1. Na convocatoria do Consello de Departamento deberá constar a orde do día, data, hora e lugar da reunión. A convocatoria deberá notificarse individualmente por correo electrónico, cando menos, con dous días hábiles de antelación, salvo no caso de consello extraordinario, que se convocará con, cando menos, un día hábil de antelación.

2. As reunións do Consello de Departamento terán lugar, de xeito preferente, no campus ao que pertenza a maioría dos membros do departamento. Os membros pertencentes aos demais campus poderán asistir aos consellos de departamento por videoconferencia, salvo que a dirección determine o contrario.

3. A orde do día será elaborada polo director/a e incluírá, no seu caso, as peticións presentadas por escrito antes da convocatoria, de acordo co procedemento establecido no artigo 7. Tamén se engadirán os puntos que previamente pedisen por escrito como mínimo o dez por cento dos membros do Consello de Departamento.

4. Na orde do día figurarán inescusablemente as mencións de aprobación da acta da sesión anterior, asuntos de trámite, xestións realizadas polo director/a dende o último Consello de Departamento e rolda de intervencións, agás cando:

- a) O Consello teña carácter extraordinario.
- b) O Consello se reúna para elixir director/a ou revogalo/a.

Artigo 9.

A elaboración das actas das sesións do Consello de Departamento rexerese pola Lei de procedemento administrativo.

1. No departamento levarase un libro de actas no cal se transcribirán os acordos e os debates tidos en cada sesión.
2. As actas, asinadas polo secretario/a, co visto e prace do director/a, serán sometidas á consideración do consello para aprobalas na sesión ordinaria inmediatamente posterior.
3. As actas estarán baixo a custodia do secretario/a do departamento, que llas permitirá consultar a calquera membro do Consello de Departamento.
4. Só farán fe dos acordos e recomendacións do consello as certificacións expedidas polo secretario/a do departamento co VºBº do director/a do departamento.
5. As certificacións poderanse expedir:
 - a) De oficio, por requirimento de órganos das administracións públicas, incluída a propia Universidade de Vigo, ou de órganos xudiciais no exercicio da súa competencia.
 - b) A instancia dos membros do Consello de Departamento.
 - c) A instancia de calquera persoa interesada.

Nestes dous últimos casos, o contido das certificacións versará sobre a parte decisoria dos acordos ou recomendacións.

Artigo 10.

1. O Consello de Departamento entenderase constituído en primeira convocatoria coa asistencia do director/a e secretario/a ou dos seus substitutos legais, así como a metade dos membros con dereito a voto.
2. De non acadar esta asistencia poderase constituír en segunda convocatoria transcorrida media hora, coa presenza da terceira parte dos seus membros e a do director/a e secretario/a ou quen os substitúan legalmente, agás nos casos en que sexa preciso un quórum determinado.
3. Despois de pasar outra media hora, de non acadar o quórum necesario para a segunda convocatoria, convocarase para outro día.

Artigo 11.

1. O director/a ou substituto legal, asistido polo secretario/a, presidirá o pleno do Consello de Departamento.
2. O director/a interpretará o presente regulamento, e poderá altera a orde de discusión dos puntos da orde do día decidindo sobre o desenvolvemento dos debates e calquera outra cuestión que se lle encomende.
3. Os membros do Consello de Departamento terán dereito ao uso da palabra sobre todas as cuestións relativas aos contidos da calquera dos puntos da orde do día.
4. O director/a, no exercicio da presidencia, dirixirá, regulará, moderará e ordenará o desenvolvemento dos debates, e velará polo mantemento da orde durante as sesións. O director/a poderá fixar un tempo de debate para cada tema e, en función das peticións de palabra, determinará a duración de cada intervención, intentando garantir que as quendas de palabra dos/as participantes contén cunha duración similar. Ningunha intervención dun membro do Consello de Departamento poderá ter limitación de tempo inferior a cinco minutos na primeira rolda de intervencións.

5. Non se poderá interromper a ningún membro do Consello de Departamento cando fala, agás pola presidencia, e para os efectos de advertirlle que esgotou o tempo de que dispoñía, para chamalo á orde, indicarlle que se cinga ao tema e, no seu caso, para retirarlle o uso da palabra.
6. A presidencia poderá autorizar intervencións por alusión só para que o membro do Consello de Departamento autorizado poida contestar no prazo de tempo concedido sobre as manifestacións ou feitos pronunciados relativos á súa persoa.
7. En calquera momento do debate un membro do Consello de Departamento poderá pedirle á presidencia a observancia do regulamento, citando expresamente o artigo ou artigos para os que reclame a súa aplicación.
8. Os membros do Consello de Departamento poderán ser chamados á orde cando con interrupcións, ou de calquera outro xeito, alteren a orde das sesións ou cando pretendan seguir facendo uso da palabra unha vez que lles foi retirada.
9. Se unha sesión tivese unha duración excesiva, o director/a poderá interrompela, e anunciar nese momento a data e a hora de continuación.

Artigo 12.

Os acordos do Consello de Departamento adoptaranse por asentimento coa proposta do director/a, ou en votación por maioría simple dos/as asistentes.

A toma de acordos estará suxeita ás seguintes restricións:

1. Non poderán adoptar acordos validamente se no momento da votación non estivesen presentes como mínimo a metade dos membros do Consello, no caso de que o Consello de Departamento fora constituído en primeira convocatoria. Se o Consello de Departamento foi constituído en segunda convocatoria, bastará coa presenza dun terzo dos membros do consello. En todo caso deberán estar presentes o director e o secretario (ou os seus substitutos legáis).

2. No caso de existir máis de dúas propostas sen que ningunha delas acade a maioría, realizarase unha segunda votación entre as dúas máis votadas.
3. Non se admite a delegación do voto nin o voto anticipado.
4. Non poderá ser obxecto de acordo ningún asunto que non figure na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros do consello e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría simple das persoas presentes.
5. Calquera membro do Consello de Departamento poderá presentar diante deste mocións de palabra ou por escrito, que serán debatidas como «Quenda de suxestións», sempre que non se refiran a puntos da orde do día. O secretario/a lerá as mocións por escrito, mesmo en ausencia do mocionante, sempre que este xustifique debidamente a súa ausencia.

Artigo 13.

O director/a poderá propoñer a presenza nun consello de departamento de calquera persoa allea a este, con voz pero sen voto, cando a natureza dun determinado tema tratado así o aconselle. A presenza de persoas alleas ó Consello de Departamento deberá ser autorizada por éste.

Artigo 14.

1. As votacións efectuaranse polo sistema de man alzada, agás nos seguintes casos en que serán por papeleta secreta:
 - a) Cando o decida o director/a ou o solicite algún membro do consello.
 - b) A cuestión de votación afecte a persoas concretas.
 - c) Cando así o esixa o presente regulamento.
2. Unha vez iniciado o proceso de votación e ata que se emita o resultado definitivo do escrutinio non se poderá entrar nin saír da sala.

TÍTULO III - DA COMISIÓN PERMANENTE.

Capítulo I - Natureza e funcións da comisión permanente.

Artigo 15.

A comisión permanente do Consello de Departamento estará composta por:

- a) O director/a e o secretario/a do departamento.
- b) O director/a ou directores/as das seccións departamentais, se as houberse.
- c) Dous docentes a tempo completo pertencentes aos campus de Vigo e de Pontevedra.
- d) Catro docentes a tempo completo pertencentes ao campus de Ourense.
- e) Dous membros electos en representación dos/as estudantes.
- f) Un membro electo en representación do persoal de administración e servizos.

No caso de que algún dos ámbitos de coñecemento do departamento non teña representación incluída nos apartados anteriores, terán dereito a un membro a maiores dos especificados anteriormente.

Artigo 16.

1. Os membros da comisión permanente teñen que pertencer ao Consello de Departamento. A elección para ocupar os postos da comisión permanente realizarase polos membros de cada sector no seo do Consello de Departamento. No sector do profesorado cada campus elixirá só os seus membros. En todos os sectores cada elector só poderá votar un máximo de 3/4 dos candidatos/as.

2. Os membros da comisión permanente serán elixidos por un período de tres anos, agás no caso de sectores para os que exista normativa superior en contrario.

Artigo 17.

Os membros da comisión permanente cesarán no mesmo momento no que perdan a súa condición de membros do Consello de Departamento, cesen no cargo académico ou tipo de dedicación que concede esa condición ou dimitan a petición propia. E elixirase un novo membro dentro do sector correspondente no máis breve prazo posible.

Artigo 18.

Son funcións da comisión permanente:

- a) Colaborar co director/a na xestión ordinaria e na coordinación das actividades do departamento.
- b) Velar pola aplicación das liñas xerais de política académica e de investigación do departamento.
- c) Elaborar e elevar ao Consello de Departamento para a súa aprobación os criterios e as normas para aplicar o orzamento anual dentro dos dous primeiros meses do ano.
- d) Discutir e decidir sobre os asuntos presentados polas comisións asesoras, e elevalos, no seu caso, ao pleno do consello.
- e) Elevar propostas ao pleno do Consello de Departamento en materias de competencia de este e adoptar acordos sobre asuntos que por el lle fosen delegados.
- f) Pronunciarse sobre os asuntos da competencia do director/a que este someta á súa consideración.

Capítulo II - Funcionamento da Comisión Permanente.

Artigo 19.

1. A comisión permanente poderase reunir con carácter ordinario ou extraordinario.
2. Con carácter ordinario reunirse como mínimo unha vez cada tres meses; con carácter extraordinario por iniciativa da dirección, ou cando o soliciten un mínimo dun terzo dos seus membros.
3. As reunións da comisión permanente terán lugar no campus que o director/a determine. Os membros pertencentes aos demais campus poderán asistir ás comisións permanentes por videoconferencia, salvo que a dirección determine o contrario.

Artigo 20.

A convocatoria e a orde do día da comisión permanente rexeranse polo establecido para as reunións do Consello de Departamento.

Artigo 21.

A comisión permanente enténdese constituída en primeira convocatoria cando estea presente a maioría absoluta dos seus membros e en segunda, media hora despois, coa asistencia dun terzo dos seus membros, incluíndo en todo caso ó director/a ou substituto legal.

Logo de transcorrer un cuarto de hora, de non se acadar o quórum necesario para a segunda convocatoria, convocarase para outro día.

Artigo 22.

1. Os acordos da comisión permanente adoptaranse por asentimento coa proposta do director/a, ou en votación por maioría simple das persoas asistentes.
2. Non poderán adoptar acordos validamente se no momento da votación non estivesen presentes a maioría absoluta dos seus membros, no caso de que a comisión permanente fora constituída en primeira convocatoria, ou un terzo dos membros da comisión permanente, no caso de que ésta fora constituída en segunda convocatoria. En todo caso debe estar presente o director do departamento ou o seu substituto legal.
3. As votacións realizaranse segundo o procedemento establecido polo artigo 14 deste regulamento.

Artigo 23.

O secretario/a redactará un acta sucinta das reunións da comisión permanente, na cal se recollerán os acordos adoptados e as opinións contrarias, cando así sexa expresamente solicitado.

Artigo 24.

Calquera membro da comisión permanente poderá presentar diante desta comisión de palabra ou por escrito, que serán debatidas como «Quenda de preguntas», sempre que non se refiran a puntos da orde do día. As comisións por escrito serán lidas polo secretario/a, mesmo en ausencia do mocionante, sempre que este xustifique debidamente a súa ausencia.

Artigo 25.

As reunións da comisión permanente serán presididas polo director/a ou substituto legal, quen dirixirá e moderará os debates.

Artigo 26.

O director/a ou substituto legal, poderá propoñer a presenza na comisión permanente de calquera persoa allea a esta, cando a natureza dun determinado tema para tratar así o aconselle. A presenza de persoas alleas á comisión permanente deberá ser autorizada por ésta.

TÍTULO IV - DAS COMISIONS DELEGADAS CONSULTIVAS.

Artigo 27.

1. O Consello de Departamento poderá crear comisións delegadas consultivas, determinando a súa composición e as súas funcións, que se definen como instancias de asesoramento técnico, actuando por delegación do Consello de Departamento.
2. As comisións delegadas consultivas non tomarán acordos definitivos, senón que elevarán á comisión permanente os resultados dos seus traballos ou resolucións para aprobalos por esta última se procede.
3. As comisións delegadas consultivas poden ser permanentes ou conxunturais. As comisións de carácter permanente responden a encomendas fixas; as conxunturais para resolver asuntos concretos e deixan de existir ao rematar estes.

Artigo 28.

1. As comisións delegadas permanentes serán presididas polo director/a ou a persoa en que delegue.
2. Os membros das comisións terán que pertencer ao Consello de Departamento, aínda que os seus presidentes/as poden invitar a participar nelas, con voz e sen voto, a outras persoas.
3. As reunións das comisións convocaranse cunha antelación mínima de 24 horas.

Artigo 29.

As comisións delegadas adoptarán os seus informes, propostas e recomendacións por maioría simple, e no momento da votación será preciso que estean presentes polo menos un terzo dos seus membros.

Artigo 30.

1. As comisións delegadas consultivas renovaranse cada tres anos, no primeiro consello de departamento que se celebre.
2. A renovación das comisións delegadas consultivas rexerase polo establecido para a renovación dos membros da comisión permanente.
3. O funcionamento interno das comisións delegadas consultivas será determinado por elas mesmas, no caso de non haber regulamento de instancias superiores.

TÍTULO V - DAS SECCIÓNS DEPARTAMENTAIS.

Artigo 31.

O departamento poderá incluír no seu seo, de acordo coas normativas vixentes da Universidade de Vigo, seccións departamentais, que serán aprobadas polo órgano competente.

Artigo 32.

Os membros da sección departamental reuniranse unha vez ao trimestre con carácter ordinario e con carácter extraordinario cando concorran as mesmas condicións que as xa fixadas para a convocatoria do Consello de Departamento.

Artigo 33.

Son funcións da sección departamental as seguintes:

- a) Xestionar e administrar a súa asignación orzamentaria.
- b) Programar e asignar os seus medios e recursos (materiais e persoais), así como coidar o mantemento dos seus bens, equipos e instalacións.

Artigo 34.

Cada sección departamental estará dirixida por un profesor/a doutor con vinculación permanente pertencente a esta. As súas funcións, delegadas da dirección do departamento, serán:

- a) Presidir os órganos Colexiados da sección departamental, que convocará para as súas reunións ordinarias e extraordinarias.
- b) Exercer a representación da sección.

- c) Executar os acordos do Consello de Departamento que lle afecten, así como os da sección.
- d) Coordinar as actividades da sección departamental en todas as ordes da súa competencia, especialmente no relacionado co Plan de Organización Docente dos membros da sección.
- e) Executar as previsións orzamentarias da sección departamental.
- f) Calquera que o director/a de departamento delegue nel ou nela, por afectar exclusivamente á sección departamental.

Artigo 35.

Os membros da sección departamental elixirán o seu director/a, seguindo o proceso seguinte:

- a) Realizarase unha votación entre todos os candidatos. Elixirase o candidato/a que obteña máis votos afirmativos e que acade a maioría absoluta das persoas presentes.
- b) No caso de que ningún candidato/a acade a maioría absoluta, realizarase unha nova votación entre os dous candidatos máis votados, e o candidato/a que obteña maior número de votos sairá elixido.

TÍTULO VI - DA XESTIÓN ECONÓMICA DO DEPARTAMENTO.

Artigo 36.

A comisión permanente elaborará anualmente, e dentro dos dous primeiros meses do ano, unha proposta de criterios e normas para aplicar o orzamento ordinario do departamento. Esta proposta elevarase ao Consello de Departamento para aprobala definitivamente, e nela deberán constar, polo menos, os seguintes puntos:

- a) Unha cantidade para a xestión administrativa do departamento e das posibles seccións departamentais que puidesen existir.

- b) Unha cantidade para a renovación e a actualización do equipamento do departamento, atendendo a criterios de proporcionalidade entre os diferentes campus.

Artigo 37.

Os profesores/as terán contas individuais no departamento nas cales se contabilizarán tanto os fondos procedentes do reparto do orzamento ordinario (de ser o caso) coma os fondos que o profesor/a xenere polas súas actividades investigadora, de transferencia e docente, e que poderán ser utilizados para o financiamento de futuras actividades de investigación, tales como asistencia a congresos, adquisición de material, etc.

O profesorado poderá agrupar as súas contas para facilitar e optimizar a súa xestión económica dentro do departamento.

Artigo 38.

1. O equipo directivo deberá remitirles trimestralmente a todos os membros do departamento un informe do estado das contas deste, no cal constarán os gastos ata a data e o saldo resultante de todas as posibles contas ou partidas, persoais, colectivas ou referentes a calquera concepto, que se tiveran recollido nos criterios de aplicación do orzamento.
2. O director/a deberá presentar, dentro dos tres primeiros meses do ano, a memoria económica do ano anterior, para que, se procede, o Consello de Departamento a aprobe.

TÍTULO VII - DA ORDENACIÓN DOCENTE DO DEPARTAMENTO.

Artigo 39.

En cada un dos centros en que o departamento imparta docencia poderase elixir un coordinador/a ou coordinadores/as entre o profesorado a tempo completo atendendo ás necesidades que o centro determine. Os coordinadores/as desenvolverán as seguintes funcións:

- a) Representación do profesorado do departamento nese centro.
- b) Xestión do orzamento económico que o centro asigne ao departamento.

Artigo 40.

1. Todos os anos, e coa debida antelación, co obxecto de cumprir cos prazos que a Universidade estableza e en cumprimento da normativa vixente, o departamento elaborará unha proposta de POD para que a aprobe o Consello de Departamento.
2. Co obxecto de simplificar e facilitar a elaboración do POD, o departamento desenvolverá un regulamento interno para fin, que o Consello de Departamento deberá aprobar.

TÍTULO VIII - DA REFORMA DO REGULAMENTO.

Artigo 41.

A iniciativa para a reforma deste regulamento pode ser adoptada polo director/a, ou mediante proposta asinada por unha cuarta parte dos membros do consello.

Artigo 42.

As propostas de reforma do regulamento deberán estar debidamente articuladas e motivadas. Tras recibir a proposta, someterase a votación para a súa toma en consideración no pleno do consello. Se a proposta recibe os votos favorables do 40 % dos membros do consello, abrirase un prazo de presentación de emendas e da súa análise no seo da comisión permanente.

Artigo 43.

Unha vez aprobado o texto pola correspondente comisión, será elevado ao consello. Para que a reforma sexa adoptada é preciso que reciba o voto da maioría absoluta do consello. De non ser así, a proposta de reforma considerarase rexeitada e non poderá proporse idéntica reforma ata transcorrido un prazo dun ano.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira.

O presente regulamento debe ser integrado e interpretado no marco do disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo, e das normas legais e regulamentarias sobre ensino universitario.

Segunda.

Para o que non estea disposto no presente regulamento nin nos Estatutos da Universidade de Vigo, aplicarase o que dispoña a Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (Lei 30/1992).

DISPOSICIÓN FINAL

Todos os membros do Departamento de Informática quedan obrigados a acatar o presente regulamento, que entrará en vigor ao día seguinte de aprobalo o Consello de Goberno da Universidade de Vigo.